

ANAGRAMA
EXPROPIANTE/
BENEFICIARIO

OBRA:

DATOS XERAIS ACTA:

DATA:

HORA:

REF.:

Co fin de dar cumprimento ó disposto no artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, e os seus concordantes do Regulamento de 26 abril de 1957, que establecen o procedemento de urxencia ós efectos de Expropiación Forzosa, constitúense na finca de referencia as persoas que ó final se expresan, e levántase a presente

ACTA PREVIA Á OCUPACIÓN

DATOS DO TITULAR DO BEN/DEREITO EXPROPIADO:

NOME:

DOMICILIO:

APELLIDOS:

TELÉFONO:

DNI:

E-MAIL:

DATOS DA FINCA: (1)

DATOS EXPEDIENTE:

Provincia:

Municipio:

Parroquia:

Lugar/Paraxe:

nº Finca:

LINDEIROS.- Norte:

Sur:

Leste:

Oeste:

Superficie (m2):

ACCESO PRINCIPAL: (2)

DESTINO: (3)

SERVIZOS QUE TEN: (4)

OUTROS:

DATOS CATASTRAIS: (5)

Referencia catastral:

Superficie (m2):

Polígono:

Parcela:

Cultivo:

Lugar/Paraxe:

DATOS REXISTRAIS:

Registro de:

Tomo:

Libro:

Folio:

Finca:

Superficie (m2):

Cargas inscritas:

ACREDITACIÓN DA TITULARIDADE:

Titularidade acreditada por:

OBSERVACIÓNS:

DATOS DA PARTE AFECTADA DA FINCA :

DATOS EXPEDIENTE:

LINDEIROS.- Norte:

Sur:

Leste:

Oeste:

Superficie (m2):

Cultivo actual: (6)

EXPROPIACIÓN
(TOTAL/PARCIAL) (7)SOLICITA EXPROPIACIÓN
TOTAL (SI/NON) (8)PRODÚCESE DIVISIÓN DA
FINCA MATRIZ (SI/NON) (9)Nº DIVISIÓNS E SUPERFICIE DE
CADA UNHA (10)

Cultivo potencial: (11)

OBSERVACIÓNS: (12)

MANIFESTACIÓNS DAS PARTES:

SI/NON (13)

FOTOGRAFÍAS:

SI/NON (14)

PLANO PARCIAL:

SI/NON (15)

BENS E DEREITOS AFECTADOS: (16)	
--	--

LISTADO DE CÓDIGOS	
1.- SOLO	(17)
2.- PLANTACIÓNS/SEMENTEIRAS	(18)
3.- OBRAS E INSTALACIÓNS	(19)
4.- EDIFICACIÓNS	(20)
5.- DEREITOS REAIS	(21)
6.- ARRENDAMENTOS	(22)
7.- OUTROS DANOS E PREXUÍZOS	(23)

1.- SOLO	(17)
2.- PLANTACIÓNS/SEMENTEIRAS	(18)
3.- OBRAS E INSTALACIÓNS	(19)
4.- EDIFICACIÓNS	(20)
5.- DEREITOS REAIS	(21)
6.- ARRENDAMENTOS	(22)
7.- OUTROS DANOS E PREXUIZOS	(23)

SINATURAS:

Representante da Administración,

(24)

Perito da Administración,

(24)

Alcalde ou representante do concello,

(24)

Proprietario ou representante,

(24)

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A ACTA

(1)	Neste apartado recopílanse os datos existentes sobre a identidade da parcela xa sexa afectada total ou parcialmente pola expropiación.
(2)	Descrición do acceso principal á finca: estrada e a súa categoría, camiño sen asfaltar e o seu ancho, servidume, serventía...
(3)	Descrición do destino e/ou cultivo que se lle estea a dar a parcela: labradío, pradería, prado, monte con arboredo, finca da casa, xardín, viñado, e se é de sequeiro ou regadío.
(4)	Descrición dos servizos cos que conta a finca: electricidade, abastecemento de auga, saneamento...
(5)	Se se cubre o dato da referencia catastral non fai falla cubrir os de polígono, parcelas, cultivo e lugar/paraxe.
(6)	Descrición do cultivo da parte afectada da finca: labradío, pradería, prado, monte con arboredo, monte sen arboredo, xardín, finca da casa, folganzas, viñado, xardín, horto e se é de sequeiro ou regadío.
(7)	TOTAL = se a expropiación afecta a totalidade da finca; PARCIAL= se afecta só a unha parte da finca.
(8)	SI = se o expropiado solicita a expropiación de toda a finca ou incluso dunha/as das partes se quedara dividida; NON = se non se solicita a expropiación total da parcela.
(9)	SI = se a finca matriz quedase divida en dúas ou máis partes a consecuencia da porción que se lle expropia; NON = se a finca matriz non queda dividida trala expropiación.
(10)	Se a finca matriz queda divida en dúas ou máis partes a consecuencia da porción que se lle expropia, reflectirase o número de partes nas que queda divida e a superficie de cada unha delas.
(11)	Descrición do cultivo potencial que podería darse na finca, considerando este como o que fora capaz de producir naturalmente e por medios normais de cultivo.
(12)	Exporase calquera outra observación que se considere importante sobre a porción de finca afectada. Por exemplo nunha servidume relataranse as limitacións á propiedade que lle impón esa servidume...
(13)	SI = se hai manifestacións das partes ou fotografías. NON = se non hai manifestacións das partes ou fotografías. De existir manifestacións ou fotografías achegaranse á parte, asinadas e especificando quen realiza a manifestación.
(14)	SI = se hai fotografías. NON = se non hai fotografías. De existir fotografías achegaranse á parte, asinadas.
(15)	SI = se hai planos ou bocetos. NON = se non hai planos ou bocetos. De existir planos ou bocetos achegaranse á parte, asinados.
(16)	CÓDIGO = elixirase o código do listado que corresponda segundo o tipo de ben que se afecte: 1 para solo, 2 para plantacións ou sementeirás... nº Uds. = número de unidades do ben que se afecta. Ud. = abreviatura da unidade na que se realizará a medición do ben: m, m2, m3, ha, ud...
(17)	Anotaranse as características relevantes que definan o solo, debendo incluír: USO e/ou APROVEITAMENTO: labradío, labradío regadío, prado, prado regadío, pasteiro, viña, xardín, monte con arboredo, monte sen arboredo, fronte de casa, folganzas, horto, viñado....No caso de terreos cultivados describírase o estado e extensión das colleitas. CLASIFICACIÓN: por ex.: rústico e o tipo de protección se o tiver, solo de núcleo rural, solo urbano consolidado... SITUACIÓN: urbanizado ou rural para aqueles solos a valorar co Real decreto lexislativo 2/2008 texto refundido da Lei de solo. Calquera outra circunstancia que teña influencia na valoración, por ex. condicións de edificabilidade... Se a expropiación do solo non é do pleno dominio especificarase que servidume se impón e que debeu ser descrita no apartado (11).
(18)	FORESTAIS: Árbores individuais: especificarase como mínimo a especie, o diámetro medio (medido a 1,30 m do chan), altura total e altura do fuste ata a 1ª rama viva. Masa forestal arbórea: especie/s que a compoñen e en que porcentaxe, altura e diámetro medio (medido a 1,30 m do chan) por especie e clase de idade, densidade (pés/ha) e fracción de cabida cuberta, así como calquera outra circunstancia relevante para valorar. FROITEIRAS: Árbores individuais: especificarase a especie e a idade da árbore. Plantacións: especie, variedade, patrón, idade da plantación e outras características como densidade, sistema de apoio... VIÑEDO: Cepas individuais: especificarase a variedade de uva e a idade da cepa. Plantacións: variedades que a forman e en que porcentaxe, idade da plantación e outras características como densidade, sistema de apoio... ORNAMENTAIS: Situación: xardín, parque, finca da casa... Árbores individuais: especificarase a especie, variedade, cultivar, diámetro e/ou altura e/ou perímetro, idade e calquera outra que poida ter relevancia na valoración.
(19)	Definición da obra ou instalación mediante unha descrición das características representativas que permita a súa valoración; incluíranse características xeométricas, antigüidade e estado de conservación.
(20)	De cada edificación definirase o uso, superficie en planta, antigüidade, estado de conservación e características construtivas máis relevantes incluíndo fotografías. Cando a edificación teña varias plantas e/ou usos definiranse as características anteriores para cada unha delas.
(21)	Especificarase o dereito real: superficie, usufruto, ... Deberá acompañarse copia do contrato.
(22)	Especificarase si se trata de arrendamento rústico ou urbano, achegando copia do contrato e do recibo de arrendamento máis recente.
(23)	Ocupación temporal: descrición dos bens que se ocupan e duración da ocupación. Rápida ocupación: descrición dos danos e prexuízos que provoca a rápida ocupación. E calquera outro dano/prexuízo consecuencia directa da expropiación.
(24)	Nome e apelidos de cada un dos comparecentes, especificando se algún asiste pero non asina.

GLOSARIO *

Baldío = Inculto	terreo anteriormente de cultivo e actualmente ermo, abandonado ou non utilizado para a agricultura nin gandería por razóns económicas, sociais ou doutra índole. Trátase frecuentemente de antigas parcelas de cultivo deixadas sen labrar, sobre as que non se realiza ningunha labor de mantemento nin de control da vexetación e non teñen aproveitamento gandeiro. Se se quixese poñelas de novo en explotación podería facerse cos medios normalmente dispoñibles nunha explotación agrícola.
Barbeito	terreo que está en descanso entre dous cultivos consecutivos e a vexetación espontánea que pode crecer nel nese período sen ter ningún aproveitamento agrogandeiro.
Erial	terreo de non cultivo. Terreo inculto, raso e de moi escasa vexetación herbácea. Frecuentemente son terras degradadas que poden producir pastos pobres en anos de boa climatoloxía, pero que non se aproveita por non existir gando.
Monte con arboredo	terreo cuberto por especies arbóreas forestais como manifestación dominante e con distintas fraccións de cabida cuberta.
Monte sen arboredo	terreo que aínda que non estea cuberto por especies arbóreas forestais como manifestación dominante e con distintas fraccións de cabida cuberta ten un solo con características potenciais para estalo.
Monte baixo	terreo cuberto de matas ou maleza con predomino de plantas leñosas arbustivas espontáneas como toxos, carrascos... que ocupan un solo pobre ou pouco desenvolvido.
Pasteiro	pasto basto, de calidade mediocre que frecuentemente murcha e que se aproveita a dente.
Poulo	terreo que está en descanso entre dous cultivos consecutivos ou que estivo a barbeito e non ten cultivo agrícola pero ten aproveitamento gandeiro, normalmente a pastoreo.
Pradería	cultivo forraxeiro polifito formado fundamentalmente por especies gramíneas e leguminosas, que soe ser plurianual e para ser aproveitado por pastoreo ou sega.
Prado	pasto natural denso e húmido, dominado por especies vivaces pouco ou nada agostantes e que pode ser aproveitado por pastoreo ou sega.
Improdutivo	terreos desprovistos de vexetación ou con vexetación escasa e que non son susceptibles de ningún aproveitamento agrario ou forestal nin sequera pastos, tales como rocas, pedregais, graveiras... A súa posta en produción non se podería facer cos medios normais dunha explotación agrícola ou forestal.

* Se se empregan os termos do glosario que se achega, utilícenos co significado que figura nel.

Evitarase empregar nas descrições termos que poidan resultar ambiguos e levar a confusións. Por exemplo o emprego da palabra "erial" para referirse a un terreo inculto pero con capacidade para producir ou para referirse a un terreo improdutivo entendido como aquel que non ten capacidade para producir. Ou empregar o termo "monte baixo" ou "matogueira" para referirse só a vexetación da parcela e non describir calidades do solo ou para referirse a un terreo cuberto de maleza pero pobre.